

Caracol ou Lume

Olga Novo*



Caracol e cinza · Ramsés Pérez

O ángulo morto é aquel no cal o real devén invisible. Un pequeno caracol, poñamos por caso, que se despraza con toda a poesía da materia, atento soamente á Vida, pode ficar no ángulo morto. E porén, a intelixencia biolóxica crea a súa increíble cuncha, formada por un sistema de crecemento en forma de espiral logarítmica. O sabio caracol autocicatrizase coa mucosa, que tamén emprega para pechar a cuncha cando hiberna. Seica o opérculo, ou mucosa de peche, desprende un perfume doce se se queima.

Debería ulir toda Galicia ao doce cheiro dos millóns de caracoliños calcinados nos incendios, e que o seu perfume furase as conciencias. A nosa pituitaria debería percibililo, pero fica no ángulo morto. Como fica o ecocidio, irmán do xenocidio, feminicidio ou lingüicidio, afeitos como estamos a que o crime deveña estrutural.

Si. A Poesía profunda sábeo e ponse en pé para denunciar: Toda Galicia ule ao doce cheiro dos caracoliños calcinados canda os milleiros de criaturas animais e

vexetais, arrasadas polo exercicio do poder, que planta especies pirófitas en estreita colaboración con madeiras e xentes do común, cuxa cobiza só procura o beneficio económico a curto prazo. Almiñas arrasadas polo silencio cómplice de quen cala o nome do pirómano. Fogares para sempre devastados polas mafias forestais. Políticas que beben nas fontes do fascismo repoboador dos montes, construtor de encoros, explotador de canceiras, conquistador do ar con eólicos e celulosas, envelenador de ríos, depredador de mar e terra.

Se ergo a cabeza e alzo a mente por riba dos poderes e dos silencios cómplices, inspiro e chégame dentro o perfume profundo do caracoliño que, malia todo, é quen de rexenerarse coma todo canto vive. A utopía fica, coma sempre, no ángulo morto, agardando pola harmonía que, un día, chegará. Namentres, cadaquén ocupa o seu lugar e fai a súa escolla: Caracol ou Lume.

*Olga Novo. Poeta e ensaísta.